

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

ORDE do 6 de novembro de 2017 pola que se autoriza a apertura e funcionamento do centro de ensinanzas deportivas Pontillón do Castro, de Verducido, do concello de Pontevedra.

O representante da Federación Galega de Piragüismo, solicita a apertura e funcionamento do centro de ensinanzas deportivas Pontillón do Castro, de Verducido, Pontevedra, para impartir as ensinanzas conducentes á obtención dos títulos de técnico Ceportivo en Piragüismo de Augas Bravas, Piragüismo de Augas Tranquilas e Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas, regulados polo Real decreto 981/2015, do 30 de outubro (BOE do 25 de novembro); e dos títulos de técnico deportivo superior en Piragüismo de Augas Bravas e Piragüismo en Augas Tranquilas, regulados polo Real decreto 983/2015, do 30 de outubro (BOE do 26 de novembro), ensinanzas incluídas no ámbito do Real decreto 1363/2007, do 24 de outubro, que establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial.

O Decreto 410/2003, do 6 de novembro, regula os requisitos e o procedemento para a autorización a centros privados e a centros públicos que non sexan de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para impartir ensinanzas de técnicos deportivos na Comunidade Autónoma de Galicia; norma desenvolvida polas ordes desta consellería do 12 de abril de 2004 e do 23 de abril de 2004, nas que se determinan o procedemento de autorización e os requisitos mínimos dos espazos administrativos e docentes xenéricos cos que deben contar estes centros.

Por isto, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

DISPOÑO:

Artigo 1. Autorización de ensinanzas

Autorizar a apertura e funcionamento do centro de ensinanzas deportivas que se sinala a continuación:

Denominación xenérica: Centro Autorizado de Ensinanzas Deportivas (CAD).

Denominación específica: Pontillón do Castro.



Código do centro: 36024975.

Titular: Federación Gallega de Piragüismo.

Domicilio: rúa Gavián, s/n.

Localidade: Verducido.

Código postal: 36151.

Concello: Pontevedra.

Provincia: Pontevedra.

Ensinanzas que se autorizan:

- As conducentes á obtención do título de técnico deportivo en Piragüismo en Augas Tranquilas (2 unidades para 30 postos escolares cada unha).
- As conducentes á obtención do título de técnico deportivo en Piragüismo en Augas Bravas (2 unidades para 30 postos escolares cada unha).
- As conducentes á obtención do título de técnico deportivo en Piragüismo Recreativo Guía en Augas Bravas (2 unidades para 30 postos escolares cada unha).
- As conducentes á obtención do título de técnico deportivo superior en Piragüismo en Augas Tranquilas (1 unidade para 30 postos escolares).
- As conducentes á obtención do título de técnico deportivo superior en Piragüismo en Augas Bravas (1 unidade para 30 postos escolares).

Artigo 2. *Inicio da actividade*

Antes da posta en funcionamento das ensinanzas que se autorizan, a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Pontevedra, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia no devandito centro, así como o equipamento axeitado.

Artigo 3. *Inscripción no rexistro de centros*

Esta orde dará lugar á correspondente inscrición no Rexistro de Centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 4. *Modificación da autorización*

O centro queda obrigado ao cumprimento da normativa vixente e a solicitar a oportuna



revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que se sinalan nesta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous (2) meses desde a mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2017

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

CVE-DOG: t2we9lg8-yfv4-8j37-juw0-esy5k22ikaa0

